

## ANEXO V

D ..... DNI: .....  
 Domicilio: ..... Localidade: ..... Provincia: .....

## EXPOÑO:

Que solicito ante a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos unha axuda á xubilación anticipada a pescadores afectados polo axuste estrutural da frota.

Que autorizo expresamente a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para solicitar ante o Instituto Social da Mariña os datos que sexan necesarios e relevantes para poder tramitar a miña solicitude.

Lugar e data:  
 Asdo:

*Orde do 2 de decembro de 2004 pola que se convocan axudas á paralización dos buques pesqueiros para o exercicio de 2005 e se modifica a Orde do 28 de novembro de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas á paralización definitiva de buques pesqueiros.*

A Orde do 28 de novembro de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas á paralización definitiva de buques pesqueiros prevé que a retirada da actividade pesqueira se materialice dentro do tempo establecido na resolución de concesión de axuda.

Para tal obxecto esta consellería

## DISPÓN:

Artigo 1º.-Convocatoria de axudas.

Convócanse axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, que se rexerán polas bases e condicións de acordo co procedemento establecido na Orde do 28 de novembro de 2000 (DOG do 20 de decembro), sendo o prazo de presentación de solicitudes, de acordo coa Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de corenta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria.

Artigo 2º.-Crédito orzamentario.

As subvencións concédense con cargo ao próximo exercicio, de acordo coa normativa reguladora de tramitación anticipada de expediente de gasto e condicionada a súa eficacia á existencia de crédito axustado e suficiente unha vez aprobado o orzamento.

Con cargo á aplicación 12.03.614B.770.1 do orzamento do ano 2005 cun importe de 6.158.036 euros.

Artigo 3º.-Modificación da Orde do 20 de novembro de 2000.

Modifícanse os seguintes artigos da Orde do 28-11-2000:

«Artigo 6º.-Beneficiarios.

O parágrafo terceiro queda redactado do seguinte xeito:

Coa solicitude e coa petición de pagamento da axuda deberán presentar certificacións de non ter débedas coa Administración estatal e autonómica e certificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social. Así mesmo, deberán presentar tanto coa solicitude coma coa petición de pagamento da axuda unha declaración relativa a todas as subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo proxecto, e dar cumprimento a todo o establecido no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia tal como se modificou pola Lei 8/1999, do 30 de decembro.

Artigo 10º.-Importe das axudas.

A letra b) queda redactada do seguinte xeito:

Primas por traspaso definitivo a un terceiro país: os importes máximos das primas por desmantelamento previstas na letra a), reducidas nun 70%; non obstante, non se admitirá ningunha axuda pública por este concepto para os buques de tonelaxe inferior a 20 TRB ou 20 GT ou que teñan 30 anos ou máis de idade, salvo nas condicións que se establecen na alínea d) deste artigo.

Artigo 14º.-Solicitudes e prazo de presentación.

Na aínea A) modifícase a epígrafe a) que queda do seguinte xeito:

a) Solicitude en impreso normalizado que se une como anexo II desta orde.

Na alínea A) introdúcese un novo epígrafe:

k) Certificado de non ter débedas coa administración estatal e autonómica e certificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social».

*Disposicións transitorias*

Primeira.-Con efectos nesta convocatoria, exímese do requisito de presentar os documentos de autorización a que se refire o artigo 14º A) letra d) da Orde do 28-11-2000, conxuntamente coa solicitude, debendo facelo coa documentación para o pagamento.

Segunda.-Para os buques de menos de doce metros de eslora total, e nesta convocatoria, o prazo para a materialización establecido no parágrafo primeiro do artigo 22 da orde reguladora redúcese a tres meses.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2004.

Enrique César López Veiga  
 Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

ANEXO



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE PESCA**  
**E ASUNTOS MARÍTIMOS**

|  |   |                                |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>AXUDAS Á PARALIZACIÓN DEFINITIVA DE BUQUES PESQUEIROS</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><b>PE104B</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|--|---|--------------------------------|

**DATOS DO SOLICITANTE**

|           |               |            |     |
|-----------|---------------|------------|-----|
| NOME      |               | CIF / NIF  |     |
| DOMICILIO |               | LOCALIDADE |     |
| PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO   | FAX |

**E, na súa representación:**

|           |               |            |
|-----------|---------------|------------|
| APELIDOS  | NOME          | DNI        |
| DOMICILIO |               | LOCALIDADE |
| PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO   |

**DATOS BANCARIOS**

|                  |                 |                          |                          |
|------------------|-----------------|--------------------------|--------------------------|
| ORDINAL BANCARIO | CÓDIGO DO BANCO | CÓDIGO DA SUCURSAL       | CÓDIGO DA CONTA CORRENTE |
| NOME             |                 | DOMICILIO (RÚA E NÚMERO) |                          |
| POBOACIÓN        | PROVINCIA       | CÓDIGO POSTAL            |                          |

Nome do barco: \_\_\_\_\_ Matrícula e folio: \_\_\_\_\_

Autorización para o despezamento de data: \_\_\_ / \_\_\_ / \_\_\_\_\_

Autorización para a exportación de data: \_\_\_ / \_\_\_ / \_\_\_\_\_

Permiso para asignación do barco a tarefas non pesqueiras: a) data, \_\_\_ / \_\_\_ / \_\_\_\_\_  
 b) órgano concedente, \_\_\_\_\_

Asociación ou organización pesqueira, se é o caso: \_\_\_\_\_

OBSERVACIÓNS:

LEXISLACIÓN APLICABLE  
*Regulamento (CE) nº 2792/1999 do 17 de decembro.*

*Orde do 2 de decembro de 2004 pola que se convocan axudas á paralización dos buques pesqueiros para o exercicio de 2005 e se modifica a Orde do 28 de novembro de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas á paralización definitiva de buques pesqueiros.*

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Para cubrir pola Administración)

|                     |                        |
|---------------------|------------------------|
| RECIBIDO            | NÚMERO DE EXPEDIENTE   |
| REVISADO E CONFORME | DATA DE ENTRADA<br>/ / |
|                     | DATA DE EFECTOS<br>/ / |
|                     | DATA DE SAÍDA<br>/ /   |

*Orde do 7 de decembro de 2004 pola que se particulariza para o exercicio orzamentario 2005 o procedemento de concesión de axudas para a creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, tramitada como expediente anticipado de gasto.*

A aplicación das disposicións da Orde do 17 de xullo de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas para a creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura (DOG nº 149, do 2 de agosto) establece no seu artigo 4º que nos exercicios sucesivos da vixencia do actual Programa Operativo IFOP 2000-2006 as axudas outorgaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias que para esta mesma finalidade se determinen na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma do ano correspondente.

Rematado o procedemento de concesión de axudas para o exercicio 2004 ao abeiro da referida orde e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2005, cómpre establecer as condicións particulares para a concesión destas axudas no vindeiro exercicio.

A Orde do 17 de xullo de 2000, establece no artigo 15º o prazo de presentación de solicitudes. Este artigo foi modificado posteriormente pola Orde do 29 de decembro de 2003 (DOG nº 253, do 31 de decembro), pola que se modifica a orde antes mencionada e se particulariza para o exercicio 2004.

O artigo 1º, 1.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19 de febreiro) sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29 de outubro) establece, que os expedientes de gasto relativos a subvencións poderán iniciarse sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que se vaian imputar os correspondentes gastos, aínda cando a súa execución se realice nunha ou en varias anualidades; no primeiro caso, sempre que exista crédito axeitado e suficiente no Proxecto dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma aprobado polo Consello da Xunta que corresponda ao exercicio orzamentario no que se vaia materializar a contraprestación, e no segundo, sempre que exista crédito para a primeira anualidade e que se cumpran os requisitos do artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba

o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Ademais, o artigo 3º, 3.3 estende expresamente esta posibilidade de tramitación anticipada aos expedientes relativos ás bases reguladoras ou convocatorias de axudas derivadas da aplicación de regulamentos comunitarios con financiamento procedente de fondos europeos, sempre que exista regulación das axudas pola Unión Europea ou de ámbito estatal ditada en desenvolvemento ou trasposición dela e existan compromisos de financiamento destinados á aplicación das correspondentes medidas.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas

#### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Para o exercicio orzamentario 2005 as axudas ao abeiro da Orde do 17 de xullo de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas para a creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura (DOG nº 149, do 2 de agosto) outorgaranse con cargo á aplicación 12.03.721V.770.0 que figura dotada no proxecto de orzamento de gastos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para 2005, na que normalmente existirá crédito axeitado e suficiente, e ata o importe máximo de 9.452.108,99 €, reservándose para o efecto o correspondente crédito.

Para expedientes de gasto que sexan executados en varias anualidades, sempre que exista crédito para a primeira anualidade e que se cumpran os requisitos do artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, as anualidades no ano 2006 poderán sumar ata un importe máximo de 694.782,95 €. A aplicación orzamentaria correspondente será a 12.03.721V.770.0.

De conformidade co disposto na Orde de 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19 de febreiro) sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29 de outubro), a concesión das correspondentes axudas queda sometida en todo caso á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005 no momento da resolución.

Artigo 2º.-Para a concesión de axudas ao abeiro da devandita Orde do 17 de xullo de 2000 con cargo ao exercicio orzamentario 2005, o prazo de presentación de solicitudes será de corenta (40) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, salvo no caso de que a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano correspon-